

---

## **Proceso selectivo para a formación dunha bolsa de traballo para a contratación laboral de duración determinada de traballadores/ as sociais.**

### **Exercicio nº 1.**

**Data:** 29/01/2018.

Marque unha (1) opción das posibles en cada pregunta. Sinala a resposta correcta cun punto (●). Se desexa optar por unha opción diferente da xa sinalada, marque cunha aspa (X) a resposta incorrecta. O tempo para a realización do exercicio é de 90 minutos.

1/ Son entidades locais:

- a) O municipio e a provincia.
- b) O municipio, a provincia e a illa nos arquipélagos balear e canario.
- c) As comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, as Áreas Metropolitanas e as Mancomunidades de Municipios.
- d) b) e c) son correctas.

2/ ¿Cómo se denominan as normas con rango de lei aprobadas polo Goberno, que conteñen lexislación delegada?

- a) Decreto lei.
- b) Decretos.
- c) Reais Decretos.
- d) Decretos lexislativos.

3/¿Qué carácter ten o Rei de España dentro da estrutura xeral do Estado?

- a) É o Xefe do Goberno.
- b) É o Xefe de Estado e do Goberno.
- c) É o Xefe de Estado.
- d) Non nin Xefe de Estado nin do Goberno.

4/ ¿Cal é o prazo para presentar alegacións polo interesado nun procedemento administrativo?

- a) 10 días dende a recepción da notificación de inicio do procedemento.
- b) O establecido pola normativa reguladora do procedemento.
- c) En calquera momento antes do trámite de audiencia.
- d) Só o prazo do trámite de audiencia.

5/ ¿Cando é obrigatoria a interposición dun recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo?

- a) Sempre.
- b) Nunca.
- c) Cando o órgano que ditou o acto careza de superior xerárquico.
- d) Cando se trate de actos sobre aplicación e efectividade de tributos locais.

6/ ¿En que supostos poden suspenderse os dereitos e liberdades fundamentais?

- a) Os dereitos e liberdades constitucionalmente protexidos non poden suspenderse nunca.
- b) Cando se declaren os estados de alarma ou guerra.
- c) Cando se declaren os estados de excepción ou sitio.
- d) Todas as anteriores son incorrectas.

7/ Son principios garantidos pola Constitución no seu art. 9.3 ...

- a) Os de legalidade e arbitrariedade.
- b) Os de legalidade e protección dos dereitos fundamentais.
- c) Os previstos na Sección I do Capítulo II Título I da Constitución.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

8/ A organización municipal responde ás seguintes regras:

- a) En tódolos concellos existe Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- b) A Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 10.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno.
- c) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en tódolos concellos, e nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes ademais, a Xunta de Goberno Local.
- d) A Comisión Especial de Contas existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.

9/ Poñen fin á vía administrativa...

- a) Os acordos, pactos e convenios que poñan fin ao procedemento administrativo.
- b) Os actos administrativos firmes.
- c) Os actos que deciden directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto do procedemento administrativo.
- d) Os actos de trámite contra os que non cabe recurso de alzada.

10/ O silencio administrativo.

- a) O silencio administrativo ten sempre efectos desestimatorios.
- b) Nos procedementos sancionadores iniciados a instancia do interesado o silencio administrativo determina a caducidade do procedemento.
- c) Cando a Administración resolva expresamente un procedemento logo do transcurso do prazo máximo legal para iso deberá facelo sempre conforme ao sentido do silencio administrativo.
- d) O silencio administrativo ten efectos negativos cando a estimación implicase a transferencia de facultades sobre o dominio público.

11/ Están suxeitos ao segredo profesional:

- a) os profesionais que traballan no equipo coa profesional do traballo social e que teñen coñecemento de calquera información confidencial.
- b) o alumnado de traballo social en prácticas e voluntariado que ocasionalmente interviñan xunto co traballador/a social.
- c) Os profesionais de traballo social calquera que sexa a súa titulación
- d) todas son correctas.

12/ Segundo o Código Deontolóxico de Traballo Social, son principios xerais da profesión:

- a) aceptación da persoa
- b) xustiza social
- c) solidariedade
- d) todas son verdadeiras

13/ Segundo o establecido no Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios asignarase a cada persoa que acceda ao sistema un ou unha profesional de referencia, que:

- a) será o coordinador o director técnico dos servizos sociais comunitarios
- b) será o profesional con maior titulación do equipo de servizos sociais comunitarios
- c) será a persoa técnica do equipo que posúa o perfil profesional ou o labor funcional máis idóneo



d) será un traballador ou traballadora social dos servizos sociais comunitarios

14/ Segundo o establecido no decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, abrírase un único expediente social básico:

- a) que será xestionado polos servizos sociais comunitarios
- b) que estará a cargo do profesional de referencia
- c) que estará a cargo do secretario ou secretaria municipal como persoal responsable de todos os expedientes no ámbito municipal.
- d) a e b son correctas

15/ Segundo a lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, poderase eximir do requisito xeral da non existencia de persoas obrigadas a prestar alimentos ou considerar que non teñen a obriga de prestar alimentos, cando:

- a) que se prevexa que a obriga do alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos ou relacións familiares deterioradas ou inexistentes, do que exista constancia no expediente
- b) persoas que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte ou atender as necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as de familiares ao seu cargo
- c) persoas que residan noutra provincia distinta a da unidade familiar do solicitante.
- d) a e b son correctas

16/ Segundo a lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, os informes sociais e a proposta de proxecto de integración social deberanse remitir:

- a) no prazo dun mes
- b) no prazo de quince días no caso de persoas solicitantes vítimas dunha situación de violencia de xénero
- c) no prazo de 10 días segundo a lei de procedemento administrativo
- d) a e b son correctas

17/ Segundo o establecido no decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, o servizo de educación e apoio familiar perseguirá os seguintes obxectivos:

- a) promover espazos de encontro de nais e pais enfocados a formación compartida e mellora da educación familiar
- b) poñer a disposición das familias participantes atención psicolóxica, así como alternativas, recursos e itinerarios socieducativos.
- c) Realizar o seguimento e a intervención nas familias en que se realizase derivación aos servizos sociais especializados de menores, de cara a súa reintegración social e familiar.
- d) todas son correctas

18/ Segundo a orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar en Galicia, é causa de suspensión temporal do servizo:

- a) ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia
- b) ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, sin necesidade de acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia
- c) ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de dous meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia
- d) ausencia temporal do domicilio : neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de 6 meses , sen necesidade de acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

19/ De conformidade co estipulado na lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, os servizos sociais comunitarios financiaranse por medio de (sinala a resposta falsa):

- a) dos créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares do servizo
- b) de calquera achega pública ou privada destinada a este fin
- c) de transferencias finalistas correntes da Xunta de Galicia, destinadas aos servizos sociais comunitarios en función do seu número de habitantes
- d) das achegas con carácter finalista consignadas nos orzamentos xerais do estado

20/ ¿Que documentación corresponde á xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios segundo o establecido na normativa vixente?:

- a) certificación do órgano competente da corporación local acreditativa do gasto realizado correspondente ao exercicio inmediatamente anterior.
- b) memorias técnicas por programas asinadas polo representante da entidade local
- c) memoria técnica da organización do equipo ou departamento de servizos sociais .
- d) todas son correctas

21/ Segundo o establecido na lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, terán a consideración de prestacións económicas:

- a) as rendas de inclusión social
- b) as prestacións económicas dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero
- c) as axudas de emerxencia e necesidade social
- d) todas son correctas

22/ A lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia contempla como infraccións administrativas graves:

- a) o incumprimento do deber de sigilo e confidencialidade en relación coa información obtida no exercicio das súas funcións
- b) a obstrución ao labor inspector
- c) non contar co persoal suficiente e/ou coa titulación esixida, de acordo co tipo de actividade e número de persoas atendidas no centro, servizo ou programa
- d) todas son correctas

23/ De conformidade co previsto na lei 39/2006, a decisión sobre o ingreso nun centro residencial:

- a) a adoptará libremente a persoa en situación de dependencia
- b) se adoptará polas persoas coidadoras
- c) se adoptará polo traballador social que elabora o Plan Individual de Atención
- d) se adoptará polas persoas coidadoras, previa comunicación á delegación provincial da Consellería de Política Social

24/ As intervencións, programas, servizos e prestacións desenvolvidas no “catálogo de servizos sociais” descrito na lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia poderán ser:

- a) básicas, específicas e especializadas
- b) garantirán o acceso ao sistema galego de servizos sociais, con carácter gratuito das persoas con insuficientes recursos económicos
- c) esenciais e normalizadoras
- d) b e c son verdadeiras

25/ Segundo o consello xeral do traballo social, a definición de traballo social recollida no art. 5 do código deontolóxico do traballo social é:

- a) unha profesión destinada a readaptar a poboación con dificultades no seu entorno usando teorías doutras disciplinas sociais e que actúa dende o sistema público de servizos sociais
- b) a disciplina científico- profesional que “promove o cambio social, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberación das persoas para incrementar o benestar



c) a disciplina científico- profesional que promove a mellora da calidade de vida das persoas, grupo e comunidades mediante o uso de teorías sobre o comportamento humano e os sistemas sociais procedentes das disciplinas que conforman as ciencias xurídico- sociais

d) unha profesión destinada a garantir de recursos mínimos de subsistencia a poboación en situación de desvantaxe social, como pilar básico da intervención social

26/ Quen dita a resolución de recoñecemento da situación de dependencia?:

- a) o/a xefa/a territorial da Consellería de Política Social
- b) o/a delegado/a provincial da Consellería de Política Social
- c) o/a xefe/a de servizo do SADD
- d) o conselleiro de Política social

27/ Segundo a orde do 22 de xaneiro do 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar en Galicia, as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar teñen entre outros os seguintes deberes:

- a) coñeceren a organización e funcionamento do servizo
- b) facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo
- c) informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica , así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- d) b e c son correctas

28/ Segundo a orde do 22 de xaneiro do 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar en Galicia, son obxectivos do servizo de axuda no fogar entre outros:

- a) manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social
- b) prever situacións de dependencia ou exclusión social
- c) reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social
- d) todas son correctas

29/ Segundo a orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar en Galicia , o persoal técnico mínimo esixible coordinador do servizo será:

- a) no caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50 : 0,02 profesional técnico en cómputo de xornada completa
- b) de 50 a 99 persoas usuarios: 1 profesional técnico xornada completa
- c) máis de 100 persoas usuarias: 3 profesionais técnicos a xornada completa
- d) a e b son correctas

30/ O seguimento directo e continuado da correcta aplicación do pia correspóndelle:

- a) aos/ás profesionais de servizos sociais comunitarios ou de atención especializada
- b) aos/ás profesionais de atención primaria de saúde
- c) ó órgano de valoración e asesoramento da dependencia
- d) as respostas a e b son correctas

31/ Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a intervención profesional nos servizos sociais terá como normal xeral:

- a) Un carácter multidisciplinario na procura dunha atención especializada e educacional.
- b) Un carácter interdisciplinario na procura dunha atención sectorial.
- c) Un carácter interdisciplinario na procura dunha atención integral.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

32/ O grao II de dependencia equivale a:

- a) Dependencia moderada
- b) Dependencia alta
- c) Dependencia severa
- d) Gran dependencia

33/ Que é autonomía persoal, segundo a Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención á persoas en situación de dependencia?

- a) É a realización de tarefas elementais da persoa.
- b) Cando a persoa aínda pode valerse por si mesma.
- c) É a situación permanente, na que se atopan as persoas que precisan axudas importantes doutra ou outras persoas para realizar actividades básicas da vida diaria.
- d) É a capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias.

34/ A prioridade no acceso aos servizos previstos na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia virá determinada por:

- a) O grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel atenderase á capacidade económica do solicitante.
- b) O grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel terá preferencia o solicitante de maior idade.
- c) O grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel terá preferencia o solicitante de menor idade.
- d) O grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel será determinante a data de solicitude.

35/ De conformidade co establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, o acceso ao servizo de axuda a domicilio municipal producirase de forma prioritaria e directa para:

- a) Persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade sen apoios, exclusivamente.
- b) Fogares con menores que necesiten unha intervención de carácter socioeducativo, exclusivamente.
- c) Familias en risco de exclusión social, exclusivamente.
- d) Persoas que teñen recoñecido un dereito de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia

36/ O servizo de axuda a domicilio público prestarase por:

- a) As entidades locais, ben directamente, ou ben, mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.
- b) Unicamente polas entidades locais de forma directa.
- c) Mediante entidades privadas que poderán subcontratar tanto a atención principal como os servizos complementarios.
- d) Ningunha das respostas é correcta

37/ Cal dos seguintes NON é un obxectivo do servizo de axuda a domicilio, segundo a súa normativa reguladora?

- a) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio
- b) Previr situacións de dependencia ou exclusión social
- c) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social
- d) Prestar atencións persoais á persoa cuidadora do dependente.

38/ Que finalidade teñen as medidas de protección integral que establece a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero?

- a) Previr, sancionar e erradicar esta violencia e prestar asistencia ás súas vítimas.
- b) Exclusivamente previr e erradicar a violencia de xénero.
- c) Garantir a igualdade no exercicio do dereito subxectivo de cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- d) Exclusivamente garantir a igualdade de trato nas relacións laborais.

39/ No proceso de planificación deberanse ter en conta os seguintes requisitos para a formulación de obxectivos:

- a) que sexan alcanzables
- b) que sexan concretos
- c) que sexan de numero ilimitado
- d) a e b son correctas

40/ En canto aos instrumentos e niveis de planificación o deseño do plan de intervención responde ao nivel:

- a) nivel estratéxico
- b) nivel táctico
- c) nivel operativo
- d) nivel executivo

## **PREGUNTAS DE RESERVA**

1/ Segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, esta:

- a) Regula o tratamento dos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico que os faga susceptibles de tratamento automatizado.
- b) Regula o tratamento dos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico de persoas físicas ou xurídicas que os faga susceptibles de tratamento automatizado.
- c) Regula o tratamento dos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico que os faga susceptibles de tratamento.
- d) Regula o tratamento dos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico que os faga susceptibles de tratamento automatizado, e toda modalidade de uso posterior destes datos.

2/ Segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o tratamento de datos de carácter persoal que fagan referencia á saúde:

- a) Requirirán consentimento tácito do afectado.
- b) Requirirán consentimento expreso do afectado.
- c) Requirirán consentimento expreso e por escrito do afectado.
- d) Non requirirán consentimento cando ese tratamento sexa necesario para o diagnóstico médico.

3/ Sinale cal dos seguintes NON é un requisito para poder beneficiarse das axudas de inclusión social de Galicia segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro:

- a) Ser maior de idade.
- b) Ter residencia legal.
- c) Estar empadroado ou empadroada e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación que xustifica a solicitude da axuda. Considéranse ingresos insuficientes, para os efectos da aplicación desta medida, aqueles que, correspondendo ás persoas integrantes da unidade de convivencia independente, non sexan

superiores ao 125% do importe do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que lle correspondería á unidade de convivencia computando devanditos ingresos nos termos sinalados ao regular a renda de inclusión social de Galicia.

4/ O diagnostico social debe incluír:

- a) a definición das dificultades atopadas
- b) relación dos factores causais
- c) os medios dispoñibles para o tratamento social a seguir
- d) todas son verdadeiras

5/ O pronóstico constitúe a parte do diagnostico que nos indica:

- a) as posibilidades de reversibilidade da situación que se estuda
- b) os medios que serían necesarios para a mellora da situación que se estuda
- c) as posibilidades de atención desde o servizo e desde outros servizos e outros profesionais
- d) todas son verdadeiras